

COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN SOBRE OBTENCIÓN DE TARXETA PARA ACCESO DE RESIDENTES, PERSOAS USUARIAS DE GARAXES E COMERCIANTES A RÚA ESPERANZA E REPÚBLICA ARGENTINA

Para acceder con vehículo a estas rúas peonís será necesario contar coa correspondente autorización que facilitará a Concellaría de Mobilidade e Tráfico a través da Oficina da Policía Local. A autorización terá carácter anual e recollerase nunha tarxeta identificativa que deberá colocarse no interior do parabrisas dianteiro de xeito que sexa visíbel desde o exterior. Está autorización non é esixíbel para o acceso de transportistas, mensaxería, taxis e vehículos de emerxencia.

REQUISITOS PARA OBTENER A AUTORIZACIÓN

1. Ser residente ou usuario dunha ou máis prazas de garaxe.
2. Ser titular dunha actividade comercial ou profesional na rúa.
3. Ser coidador/a dunha persoa con mobilidade reducida que debe ser recollida e trasladada ao seu domicilio en vehículo.
4. A persoa interesada debe dispor de permiso de circulación.
5. O/s vehículo/s autorizado/s debe/n dispor de permiso de circulación e o nome e enderezo da persoa titular deberá coincidir co que figure no documento de propiedade ou arrendamento.
6. O/s vehículo/s autorizado/s deberá/n ter superada a ITV e contar con seguro de suscripción obrigatoria vixente.

Os requisitos 4, 5 e 6 serán comprobados pola administración polo que non será preciso que a persoa interesada achegue esa documentación.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

1. Presentar no Rexistro Xeral do Concello ou a través da Sede Electrónica a solicitude no modelo oficial dispoñíbel na web do concello (pestaña “Formularios e impresos”, apartado “Mobilidade”), na sede electrónica ou solicitando o formulario en mobilidade@pontareas.gal.
2. En todos os casos copia do DNI (extranxeiros tarxeta de residencia, pasaporte ou documento que acredite a personalidade e maila súa residencia legal).

Concellaría de Mobilidade e Tráfico

3. No caso de persoa usuaria de garaxe documento que acredite a propiedade, arrendamento ou cesión de praza de garaxe.
4. No suposto de vehículo en réxime de arrendamento financeiro deberá achegar copia do contrato de leasing ou renting e copia da póliza do seguro do vehículo debendo constar a persoa interesada como condutora habitual.
5. No suposto de vehículo cedido pola empresa na que traballa, achegárase documento estendido pola empresa no que se acredite que a persoa solicitante é a única e exclusiva usuaria do vehículo, que está autorizada para dispoñer do mesmo fóra da xornada laboral e que o uso do vehículo tributa como retribución en especie na declaración da renda das persoas físicas; achegárase copia da póliza do seguro do vehículo debendo constar a persoa interesada como condutora habitual.

MODIFICACIÓNS, RENOVACIÓN E EXTRAVÍO DA AUTORIZACIÓN

Calquera modificación de datos ou circunstancias tidas en conta na concesión da autorización deberase comunicar ao Concello no prazo máximo de 15 días. No caso de extravío da autorización deberase comunicar de inmediato ao Concello.

O prazo para a presentación das solicitudes de renovación das autorizacións será do 1 ao 15 de decembro e farase no modelo normalizado indicando se variaron as circunstancias para o outorgamento da autorización e, no caso de que variasen, achegárase a documentación correspondente.

CONDICIÓN PARA CIRCULAR POLA RÚA

1. Dispor da acreditación en lugar visíbel (esta obriga esixírase a partires da súa entrega ao interesado/a).
2. Límite de velocidade a 10 km/h.
3. Os vehículos darán prioridade a peóns e ciclistas circulando a 1,5 mts. deles.
4. Está prohibido o estacionamento de vehículos na calzada, unicamente se permite a parada por un máximo de 15 minutos. Se excepcionalmente se precisara máis tempo deberase solicitar á Policía Local.